Espinosauro

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **espinosauro**[1] (*Spinosaurus*, en grego "réptil espiña") é un xénero representado por dúas especies de dinosauros terópodos espinosáuridos, que viviron a mediados do Cretáceo, hai aproximadamente 95 e 93 millóns de anos, no Cenomaniano), no que hoxe é África. O xénero foi coñecido nun principio polos restos atopados en Exipto en 1910 e descritos polo paleontólogo alemán Ernst Stromer. Os restos orixinais foron destruídos durante os bombardeos da Segunda Guerra Mundial, e o material adicional do cranio apareceu en anos recentes. Non está claro si os restos fósiles representan unha ou dúas especies. A especie mellor coñecida é *Spinosaurus aegyptiacus* de Exipto, cunha potencial segunda especie que foi recobrado en Marrocos. Tamén se atoparon restos en Alxeria, Túnez e posiblemente de Níxer, Kenya e Libia.

Notas

1. Definición de espinosauro (https://digalego.xunta.gal/gl/termo/27451) no *Dicionario de Galego (https://digalego.xunta.gal/gl/caracteristicas)* de Ir Indo e a Xunta de Galicia.

Este artigo sobre zooloxía é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Espinosauro&action=edit) para axudar a contribuír a que a Galipedia mellore e medre.
Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.

Espinosauro

Rango fósil: 112,03 Ma-93,5 Ma

Pre	Є	O	S	D	C	P	T	J	K	PgN

Cretáceo superior

Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Sauropsida
Superorde:	Dinosauria
Orde:	Saurischia
Suborde:	Theropoda
Superfamilia:	Megalosauroidea
Familia:	Spinosauridae
Xénero:	*Spinosaurus* Stromer, 1915

Especies

- *S. aegyptiacus* Stromer, 1915 (tipo)
- *S. marocannus* Russell, 1996

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Espinosauro&oldid=5450649"

A última edición desta páxina foi o 5 de maio de 2020 ás 07:24.

Todo o texto está dispoñible baixo a licenza Creative Commons recoñecemento compartir igual 3.0; pódense aplicar termos adicionais. Consulte os termos de uso para obter máis información.
Wikipedia® é unha marca rexistrada da Wikimedia Foundation, Inc., unha organización sen fins lucrativos.